

GRUPO DE MÚSICA ANTIGUA 1500

programas

VIMOS UNHA ESTRELA... *O Nadal na música antiga*

A importante festa cíclica do Nadal é unha ocasión especialmente propicia para que diferentes públicos se acheguen á música antiga. Importantes autores da Idade Media e o Renacemento adicaron gran parte da súa produción musical a esta festividade, tanto no eido sagrado coma no profano. Desde a panxoliña máis desenfadada, xovial e rítmica, ata as pezas máis líricas e tenras adicadas ao Neno Xesús, pasando por sublimes polifonías sagradas, todo tivo cabida na imaxinación destes músicos.

O programa do grupo 1500 para a ocasión fai unha incursión neste eido, desde diferentes e variados enfoques, tentando que o público se entretaña e coñeza mellor a música dunha época, nun momento do ano tan propicio e axeitado como o Nadal.

Programa para catro ou cinco músicos e dúas cantantes.

DO DIVINO E O MUNDANO *Un percorrido pola música antiga, do século XIII ao XVI*

Durante o medievo e o Renacemento, o mundo relixioso e o profano conviviron moi próximos nas diversas manifestacións artísticas, e moi especialmente na música. Este feito serve como pretexto para artellar un programa que, partindo de pezas medievais de carácter fundamentalmente relixioso (pertencentes ao códice de Montpellier e Cantigas de Santa María, entre outros), remata na fértil produción satírica e burlesca dos cancioneros ibéricos dos séculos XV e XVI.

Este é un programa ecléctico, fresco, ameno e animado, especialmente axeitado para achegar a música antiga a todo tipo de públicos. Foi estreado por primeira vez en xullo do 2009 con motivo da Feira Franca da vila de Betanzos, na Igrexa de San Francisco,

un marco e un evento que encaixan moi ben co tipo de músicas propostas neste concerto.

Programa para catro ou cinco músicos e dúas cantantes.

EAMUS VIDERE ... O ciclo da Semana Santa nos cancioneros do século XVI

“Eamus videre...”: imos mirar. Así comeza o fragmento da *Significatio Sepulchri*, o drama sagrado para ser representado nas vésperas do Domingo de Resurrección, que se conserva na catedral de Santiago. Durante a Idade Media, este verdadeiro teatro litúrxico tivo grande extensión, como complemento didáctico natural e efectista das representacións pictóricas e escultóricas presentes nos templos, e que tiñan como obxecto a educación e ensino dos momentos claves das escrituras ao pobo iletrado. As representacións ao redor da Semana Santa tiñan unha importancia excepcional, xustificada por ser un dos dous puntos clave de referencia (xunto co Nadal) do ano litúrxico da Igrexa. Estas representacións incluían fragmentos cantados (de xeito monódico ao principio) desde as importantes paixóns (a primeira a de san Xoán, no Domingo de Ramos) ata os dramas litúrxicos das vésperas do Domingo de Resurrección, nos que se escenifica e canta o descubrimento do sepulcro baldeiro de Cristo polas tres Marías. Estas tradicións deron lugar a algunhas das máis altas expresións musicais da cultura occidental ao longo dos seus diferentes períodos artísticos e, ademais do seu evidente papel litúrxico, ocupan tamén un lugar central na historia da música. O grupo 1500 fai, a través deste programa, un percorrido musical a través do ciclo da Semana Santa, comezando polo Entroido e o Mércores de Cinza, pasando pola Coresma, ata a Paixón e o Domingo de Resurrección.

Programa para catro ou cinco músicos e dúas cantantes.

...ESTOU DE VOS MOITO MARABILLADO..., músicas para a historia de Galiza entre o fin da Idade Media e o Renacemento

A convulsa historia da Galiza tardomedieval e de comezos do Renacemento sérvelle ao grupo 1500 para desenvolver un interesante programa: festas relixiosas e profanas, a nobreza, as guerras e adaptacións do corpus lírico galego-castelá da decadencia, conforman o fío condutor dun espectáculo no que o oínte, ademais de escoitar música

da época interpretada con instrumentos orixinais, se achega a unha importante etapa da nosa historia.

Programa para catro ou cinco músicos e dúas cantantes.

AMOR E DANZA NA EUROPA DAS NACIÓNS

O programa propón unha viaxe musical imaxinaria pola Europa do século XVI, que permita ao oínte achegarse aos diferentes estilos e autores do rico e diverso panorama musical do Renacemento.

Partindo de Castela e pasando por Francia, Inglaterra, Escocia, Alemaña, Venecia, Nápoles, e rematando en Portugal, o espectador pode escoitar unha canción, coas peculiaridades propias de cada un deses países no Renacemento: *chanson, lied, frottole...*, cada unha delas acompañada pola súa correspondente danza. Os autores escollidos atópanse tamén entre os máis destacados e representativos, como Janequin, Byrd, Isaac, Vechi, Brade, Praetorius, etc. Un programa dunha hora para facer un achegamento rápido pero moi completo ao rico panorama da música no século XVI.

Programa para cinco músicos e dúas cantantes.

O QUIXOTE E A MÚSICA

O programa que o grupo 1500 lles presenta trata de sintetizar dous mundos que tan maxistralmente nos retratou Cervantes: o Renacemento e un incipiente Barroco ou o tránsito do século XVI ao século XVII. Para iso xúntanse obras vogais dalgúns dos cancioneros máis sinalados do século XVI con danzas barrocas do século XVII. As obras foron escollidas dentro das posibilidades dun inmenso abano a partir de referencias concretas, literarias e musicais, do Quijote. Cen programas coma este, todos diferentes, serían posibles; do que se deduce a gran calidade, non só literaria, tanto da obra de Cervantes coma da máis humilde pero igualmente fermosa lírica profana de fins do século XV e comezos do XVI.

Programa para catro ou cinco músicos e dúas cantantes ou para conxunto instrumental e un actor.